



DECRETO

En Verín a, 9 de Decembro de 2015

ROSARIO RODRÍGUEZ DELGADO

CONCELLEIRA DELEGADA DE RÉXIME INTERIOR, RECURSOS HUMANOS, TRÁFICO E OUTROS

En exercicio das atribucións que me corresponden, segundo a normativa vixente de aplicación ao réxime local, **ACORDO:**

Vista a reclamación presentada por Manoel Anxo Garcia Torres, en representación da Confederación Intersindical Galega con rexistro de entrada na Subdelegación da Xunta de Galicia en Ourense número 41964/Rx2471938 de data 4 de decembro de 2015 e rexistro de entrada do Concello de Verín número 12632/2015 do 7 de decembro, contra a lista de baremación provisional para a contratación dun recepcionista.

Logo de ver que as bases de contratación para cubrir un posto de recepcionista por interinidade de data 18.11.2015 conteñen erros substanciais ao non cinxirse ás Bases reguladoras do réxime de contratación do persoal laboral do Concello de Verín aprobadas por Resolución da Alcaldía en data 24.11.2004 e publicadas no BOP nº 292 do 21 de decembro de 2004, e parcialmente anuladas por Resolución da Alcaldía en data 21.10.2009.

PRIMEIRO.- Estimar a reclamación presentada por Manoel Anxo Garcia Torres en representación da Confederación Intersindical Galega.

SEGUNDO.- Consonte co anterior, anular e deixar sen efecto a baremación provisional publicada en data 02.12.2015, por non cinxirse ás Bases reguladoras do réxime de contratación do persoal laboral do Concello de Verín.

TERCEIRO.- Modificar as bases para a selección dun recepcionista, quedando redactadas nos seguintes termos:

b).- Experiencia profesional:

- Por servizos prestados en calquera administración pública na mesma categoría a que se pretende acceder: 0,25 puntos/mes. (Informe de vida laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).
- Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes. (Informe de vida laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

A suma da puntuación destes tres apartados non poderá exceder de 15 puntos.

c).- Méritos académicos:

Cursos de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas administracións públicas, universidades, INEM, Fundación tripartita para formación ou sindicatos, e relacionado coas funcións propias do posto:(máximo 3 puntos)

De 40 a 100 horas: 0,10 puntos por curso

De 101 a 300 horas: 0,40 puntos por curso
De 301 a 500 horas: 0,60 puntos por curso
De 501 en adelante: 1 punto por curso

Por posuír unha titulación académica distinta, independente e do mesmo nivel ou superior para a especialidade requirida no Anexo I destas bases ou na convocatoria correspondente para o persoal laboral fixo como requisito imprescindible para o acceso:

- a).- Título de doutor/a: 1,75 puntos
 - b).- Título de licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro: 1,50 puntos
 - c).- Título de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a: 1,25 puntos.
 - d).- Título de COU, Título de técnico especialista obtido en FP de 2º grao, Título de bacharelato actual, Ciclo formativo de grao superior ou equivalente: 0,75 puntos
 - e).- Graduado en secundaria, 2º BUP superado, Título de técnico auxiliar obtido en 2º ano de FP de 1º grao, ciclo formativo de grao medio ou equivalente: 0,50 puntos
 - f).- Graduado escolar, 2º da ESO superado: 0,25 puntos
- Só se computará a titulación de máis nivel das alegadas

Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado)

- a).- En grao de iniciación: 0,50 puntos
- b).- En grao de perfeccionamento: 0,75 puntos
- c).- Curso de especialización: 1,00 puntos

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos e titulacións homologadas pola Xunta de Galicia.

CUARTO.- Proceder a unha nova baremación provisional axustada aos criterios establecidos nas mencionadas Bases reguladoras do réxime de contratación do persoal laboral do Concello de Verín.

Así o acordo, mando e asino, na data arriba indicada.

Perante min, a/o secretaria/o

